

XULLO  
2025



## EXCURSIÓN DE CATEQUESE A CERCEDA



VAI SER O  
MARTES 15 DE XULLO.

HAI QUE ENTREGAR  
A FOLLA DE ASISTENCIA XA.  
Non o deixedes  
para última hora.


## A CATEQUESE: UN CAMIÑO Á VIDA E Á FE

Hoxe queremos valorar positivamente os esforzos de nenos e mozos, non só polo que foron capaces de aprender, senón sobre todo, polas actitudes coas que quixeron aprender. "Valeu a pena".

**Eloy e Mikel van confirmarse o venres 4 de xullo en Fornelos ás seis da tarde. Contaremos coa presenza do noso bispo Don Antonio.**

Queremos aproveitar a ocasión para que nos coñeza un pouco máis. Será un día para que vexa algo do que somos en OS COTOS. Por esta razón convidamos a que sexa unha celebración das dez parroquias.

**Así darémoslle a  
benvida ao noso bispo  
nesta UNIDADE PASTORAL  
DE OS COTOS.**



**"Un contiño para vivir"****"Unha pedra no camiño"**


Non moi lonxe de aquí e nunha das nosas frondosas carballeiras, un vello druída contaba unha noite á luz do lume ás súas fadas e gnomos a historia dun rico señor que certo día colocou unha gran rocha no medio do camiño principal de entrada ás súas terras para ver que sucedía. Os comerciantes máis adiñeirados do lugar e algúns cortesáns que pasaron simplemente rodearon a rocha.

Moitos deles quedaron un bo intre mirándoa e queixándose, culpando ao veciño rico de non manter os seus camiños limpos e despexados. Ningún fixo nada para retirala. Chegou logo un veciño cunha carga de verduras ao ombreiro, deixou a súa carga no chan e observou a enorme pedra. Un pouco despois, facendo panca cunha robusta rama de madeira que atopou ao carón do camiño, despois de empuxar e fatigarse moito, finalmente logrou apartar a roca. Mentres recollía a súa carga, atopou unha bolsa, xusto no lugar onde estivera a rocha.

A bolsa contiña unha boa cantidade de moedas e unha nota, indicando que esa era a recompensa para quen despexase o camiño.

Afrontar os obstáculos que a vida nos pon diante é unha oportunidade para mellorar a propia condición. Esquivar os problemas, buscar «culpables» ou simplemente queixarnos non solucionará nada: a «rocha» seguirá estando no mesmo sitio. Afrontar os obstáculos, actuar, esforzarse é o que nos fará crecer como persoas. Esfuerzo e constancia fronte á queixa e o sortear os problemas será a nosa elección.

CADA COUSA NO SEU SITIO



## O SANTO PARA O MES, en xullo, o día 16: **CARME**

Era o topónimo dun monte situado entre a fronteira de Galilea e Samaría (Israel), onde desde tempos antigos había no seu cume eremitas,

tradición continuada posteriormente polos irmáns carmelitas.

Dá nome á advocación da Virxe María no Monte Carmelo, montaña precisamente popular polo mosteiro dos carmelitas que fan remontar a alí a orixe da súa orde.

Como advocación mariana, Nosa Señora do Carme é a patroa dos mariñeiros, e tradicionalmente era avogosa para a salvación das almas do purgatorio, por iso o signo do escapulario e a presenza nos petos de ánimas. É patroa de moitas vilas da ribeira do mar.



"Cando a vida che presenta razóns  
para chorar,  
demóstralle que tes mil e unha  
para rir"

*Ben pode ser dun sabio galego*

Friedrich Nietzsche

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



## María Magdalena 22 de xullo



O nome de María Magdalena fai referencia ao lugar de procedencia "Magdala", localidade situada na ribeira occidental do lago de Galilea ou Tiberíades, e aldea próxima a Cafarnaún, onde viviu Xesús uns anos.

É considerada santa pola igrexa católica, a igrexa ortodoxa e a comunidade anglicana. A súa festividade celébrase o 22 de xullo.

No ano 1988 o papa Xoán Paulo II na carta "Mulieris Dignitatem" referiuse a ela como a "apóstolo dos apóstolos".

Da cordo co o evanxeo de Lucas, tivo na súa casa a Xesús e os seus discípulos durante a súa predicación en Galilea.

Tamén nos de evanxeos de Marcos, Mateo e Xoán, estivo presente con María a nai de Xesús, outras mulleres e o discípulo amado durante a Crucifixión de Xesús.

Estivo tamén presente na sepultura e viu onde Xesús era enterrado, sendo a primeira testemuña da resurrección de Cristo, e a que comunicou a noticia a Pedro e aos demais apóstolos.



## O Papa LEÓN XIV



"Debemos atopar xuntos como ser unha igrexa misioneira, unha igrexa que constrúe pontes de diálogo, sempre aberta a recibir cos brazos abertos a todos, a todos os que necesitan da nosa caridade, da nosa presenza, do diálogo e do amor".

"Queremos ser unha igrexa sinodal, unha igrexa que camiña, unha igrexa que busca sempre a paz, que busca sempre a caridade, que busca sempre ser cercana, especialmente aos que sofren"

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XULLO

|           |         |               |                                                 |
|-----------|---------|---------------|-------------------------------------------------|
| DÍA<br>6  | LECTURA | Is 66, 10-14c | Mandarei sobre ela como choiva a PAZ            |
|           | EVANXEO | Lc 10, 1-9    | A onde vaiades dicide "Paz a esta casa"         |
| DÍA<br>13 | LECTURA | Dt 30, 10-14  | A Palavra de Deus está no teu corazón           |
|           | EVANXEO | Lc 10, 25-37  | O Bo Samaritano, o que fai ben sen mirar a quen |
| DÍA<br>20 | LECTURA | Col 1, 24-28  | Cristo é para todos                             |
|           | EVANXEO | Lc 10, 38-42  | Xesús atopa acollida en Marta e María           |
| DÍA<br>27 | LECTURA | Xen 18, 20-32 | Deus déixase querer                             |
|           | EVANXEO | Lc 11, 1-13   | Xesús ensina aos discípulos a rezar: "Noso Pai" |